

Dí así (\*):

«Anoauca me console  
en esta tan triste sorte;  
pois esta noite escribeuse  
miña sentenza de morte.

Os qu'estades de min lonxe  
acudid'e vind'á ver  
o que face un probe gallo  
cand'está para morrer.

Xa qu'estou en meu xuicio  
testamento quer facer  
par'os meus benes deixar  
á quen mellor me pracer.

Pero, antes que s'escriban  
as cláusulas derradeiras,  
quero tamén despedirme  
d'as amantes compañeiras.

---

(\*) Non sei quén é o autor d'este testamento. A min ditoumo meu abó, qu'o sabe de memoria, como ll'ó ditaba tamén ôs que s-encargaban de lê-l-o n'a corrida d'o gallo.

Galiñas, miñas amigas,  
 con quen sempr'acompañei:  
 vind'á ver, vind'e vereis  
 o estado á qu'eu cheguei.

Estou tan atribulado  
 n'esta vosa despedida,  
 qu'o deixarvos n'esta hora  
 de certo me cost' a vida.

Un consello quero darvos  
 e vos fago ben sesudo:  
 que fuxás canto puderdes  
 d'estas festas d'o entrudo.

E s-â casa vos chamaren  
 ¡pira! ¡pira! vos dixeren,  
 alá non vayás, fuxí;  
 que pillarvos é o que queren.

Levantavos xa ben cedo  
 e â casa non tornés,  
 marchade por esos días  
 e pr'á coresma virés.

E, si vedes qu'adoesen,  
vede tamén com'andades;  
porque quizais vos pillaren  
cando meno-l-o coidades.

D'aquí á sete semanas,  
cando entrar'o mes de Abril,  
xa estou eu adiviñando  
que morrerés mais de mil.

E aquelas que quedaren  
alegres pasad'os días,  
librâvos canto puderdes  
d'as funcións de tales días.

Fixavos e vede ben  
a color da miña crista,  
porqu'é a últema ves  
que n'ela poñe-l-a vista.

E de min non teñás pena,  
ôs mais galos dad'oídos,  
qu'ansí facen as mulleres  
se lle morren os maridos.

En todo canto dixere  
poñé sentido e atento,  
qu'a agora vou comenzar  
meu pequeno testamento.

Deixo a voce d'a garganta  
ôs galos, meus compañeiros,  
para cantaren de noite  
enriba d'os seus poleiros.

Tamén deixo a miña crista  
bermelliña e moito bela  
pr'ô gato mais lambiqueiro  
que poida ficar con ela.

Deixo as prumas d'o pescozo  
de varias cores pintadas  
pr'âs meniñas d'esta terra  
par'andaren afeitadas.

E deixo as prumas d'o corpo  
por seren as mais honestas,  
par'as mociñas d'a moda  
s-afeitaren po-l-as festas.

E deixo as prumas d'o rabo,  
por seren as mais brilantes,  
par'as mociñas solteiras  
que llas den ôs seus amantes.

E deixo as uñas d'os pes  
par'as mulleres viudas  
pra que se rañen de noite  
cando lle mordan as pulgas.

Tamén deixo as miñas pernas,  
por ser de cor amarelas,  
pra que dez millóns de cans  
tomen unha ataca d'elas.

O bico m'iba esquencendo...  
deix'o ô galo mais fraco  
pra que cando armare bulla  
faga mais outro buraco.

Mais o fígado e a muega  
y-a miña bondade enteira  
que as coma logo asadas  
quen for miña cuciñeira.

O papo, que tod'a vida  
ben me sirveu de saleiro,  
deix'o pr'ô home honrado  
para bulsa d'o diñeiro.

Deixo o miolo d'as tripas  
e toda a mais demasia  
pr'a muller mais rexubeira  
qu'huber n'esta freguesia.

E vos, meus estudiantiños,  
xa que ansí o querés,  
degollâme ben de presa,  
qu'é favor que me facés,

Todo pai que tuver fillas  
e dote para lles dar  
mándezas par'o convento  
ou trate de as casar.

Pois agora por desgraza  
xa vemos á cada canto  
qu'o pai que tivere fillas  
logo ten cabelo branco.

As mozas, cando solteiras,  
 son moito traballadoras,  
 todas están moi briosas  
 e son belas tecedeiras.

Apenas están casadas...  
 teñen o narís torcido...  
 Sô teñen a lingua pronta  
 pra responder ô marido».

Cando o pradicator estaba acabando,  
 despois de ler a cláusula derradeira d'o tes-  
 tamento, desfacíanll'o púlpito sin qu'o cone-  
 cese e viñan abaixo pradicator e púlpito  
 causando esto moita risa.

Saile ô medio o rapás mais sabido d'a  
 escola, póñenll'un pano por diante d'os ollos  
 pra que non vexa, póñen-o debaixo d'o galo,  
 soltan adival hastra qu'o galo lle tropeza n'a  
 cabeza y-estonces él chégas'un pouco atrás,  
 prepara a espada, dí en voce alta uns versos  
 e deseguida dalle de canta forza ô galo pra